



ROGO SOBRE A LIMPEZA DO ESTANQUE DA ALAMEDA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estanque da Alameda é un dos elementos máis definitorios dese verdadeiro pulmón verde da cidade que se enmarca na zona de transición entre a cidade histórica, o Ensanche e o campus universitario.

Presidido pola figura do mariño militar Casto Méndez Núñez, ese lugar exerce de punto de atracción para residentes e visitantes, en especial dos nenos e nenas, que gozan contemplando os cisnes e patos alí existentes e tamén os xogos dos surtidores que lle achegan variedade ao contorno.

Desde hai varias semanas o atractivo do parque está a minguar, como consecuencia do aspecto denegrido da auga e as deficiencias no automatismo dos surtidores, especialmente os dous situados máis preto da igrexa do Pilar, quizais afectados pola propia sucidade do medio, que apenas impulsan e elevan a auga como noutrora.

Non axuda á imaxe tampouco o aspecto descoidado do contorno, onde sería conveniente a poda dalgunhas plantas e arbustos que molestan o tránsito das persoas polo paseo máis próximo á Avenida Xoán Carlos I.

Ante esta situación, que se pode apreciar na reportaxe fotográfica anexa, presentamos o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para limpar o estanque da Alameda, coas revisión do funcionamento dos seus automatismos e a renovación periódica da súa auga que evite a degradación que presenta na actualidade, así como a poda daqueles elementos vexetais que invaden o paseo que linda coa Avenida Xoán Carlos I.

Santiago de Compostela, a 12 de setembro de 2017

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

